



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O  
DÍA 28 DE ABRIL DO 2016.**

**ASISTENTES:**

**Alcalde-Presidente:**

D. JOSE IGNACIO GOMEZ PEREZ  
(PSOE)

**Concelleiros/as :**

D. RICARDO GONZALEZ AMARO  
(PSOE)

D<sup>a</sup>. MARIA LOPEZ TOUZA (PSOE)

D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN  
(PSOE)

D<sup>a</sup>. NOELIA RODRIGUEZ

TRAVIESO (PSOE)

D. CESAR MANUEL FERNANDEZ  
GIL (PP)

D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ  
(PP)

D<sup>a</sup> CLARA LOEDA SOTO (PP)

D. CELSO SOTELO BARROSO (PP)

D<sup>a</sup> MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ  
(PP)

D. JACOBO GARCIA SOTO (B.N.G.)

D. BRAIS FIDALGO MARTINEZ  
(AGRUPACION DE ELECTORES

RIBEIRO EN COMUN)

D. MANUEL VAZQUEZ LOPEZ  
(CxG-CCTT)

**Secretario Xeral:**

Vicente Soto Rodriguez

**Interventor:**

Vicente Soto Rodríguez

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 20:00 horas do día vinteito de abril de 2016 réunese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Vicente Soto Rodríguez, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Vicente Soto Rodríguez.

\*\*\*\*\*



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

### **1.-APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 31 DE MARZO (ORDINARIA).**

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección a acta do 31 de marzo de 2016 (ordinaria), ao que se lle resposta negativamente, resultando aprobadas por unanimidade dos asistentes.

### **2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDIA DE ACORDO CO EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-**

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85 , do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 18 de febreiro; unha, sobre contratación persoal posto de limpador-peón limpeza viaria.

Do 21 de marzo, unha, sobre aboamentos.

Do 28 de marzo; unha, sobre nomeamento tribunal praza profesor violin..

Do 29 de marzo, dúas; sobre aboamentos.

Do 30 de marzo; catro; unha, sobre expedición tarxeta estacionamento; unha, sobre arquivo expediente; dúas, sobre aboamentos.

Do 31 de marzo; tres; unha, sobre contratación persoal posto peón limpeza viaria; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos..

Do 01 de abril; unha, sobre aboamentos.

Do 04 de abril; tres; unha sobre eficacia cmunicación previa obras; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 05 de abril; catro, unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre denegación eficacia comunicación previa obras; unha, sobre eficacia comunicación previa actividade; unha, sobre aboamentos.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Do 06 de abril, catro; dúas, sobre eficacia comunicación previa obras; dúas, sobre aboamentos.

Do 07 de abril; catro; dúas, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 08 de abril; catro, unha, sobre concesión días por enfermidade de familiar; unha, sobre reclamación de responsabilidade patrimonial; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 11 de abril; seis; unha, sobre nomemamento tribunal peon GES; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; una, sobre devolucion taxa; unha, sobre lista provisional posto peon Ges; dúas, sobre aboamentos.

Do 12 de abril, dúas, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 13 de abril, catro; unha, sobe denegación vado; unha, sobre devolución taxa; dúas, sobre aboamentos.

Do 14 de abril, tres; unha, sobre arquivo expediente; unha, permiso por enfermidade; unha, sobre aboamentos.

Do 15 de abril; tres; unha, sobre devolución taxa; dúas, sobre aboamentos.

Do 18 de abril; tres; unha sobre lista definitiva posto peón GES; dúas, sobre aboamentos.

Do 19 de abril; cinco, unha, sobre lista definitiva posto peón GES; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre eficacia comunicación previa actividade; dúas, sobre aboamentos.

Do 20 de abril; dúas, sobre eficacia comunicación previa actividade; unha, sobre aboamentos.

Do 21 de abril; unha, sobre aboamentos.

Do 22 de abril, unha, sobre aboamentos.

Do 25 de abril, tres, unha sobre eficacia comunicación previa obra; dúas, sobre expedición taxetas accesibilidade.

Do 26 de abril; dúas; unha sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre autorización instalación mesas e cadeiras.



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

### **3.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPROMISO POR GALICIA- CONCELLOS TRANSPARENTES PARA A SUBSTITUCIÓN E REPOSICION DE ALUMEADO NO BARRIO DA FOZ E NUCLEOS ONDE SEXA NECESARIO.-**

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda e Obras Públicas de data 21 de abril de 2016, co seguinte tenor literal:" Intervén o Sr. Presidente da Comisión para dar conta da proposta que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:" **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

**PRIMEIRO.-** Tendo en conta que o barrio da Foz e un dos escaparates naturais da nosa vila,sería importante cambiar a maioría dos puntos de luz,tanto para a vistosidade do núcleo,como para beneficio dos veciños que terían unha mellor calidade de luz,entendemos ademais que a maior parte das luminarias se poderían substituir por as que están inoperativas nas rúas principais de Ribadavia ,as cales foron cambiadas por outras novas recentemente(estado en perfecto estado conservación) en definitiva solo teriamos que usar os nosos operarios para cambialas,sabendo ademais que en breve contaremos cun camión con elevador e cesta.Evidentemente esta proposta facémola extensiva o resto dos núcleos onde sexa preciso mellorar a calidade da luz,en función da urxencia e dispoñibilidade do persoal.

En virtude do exposto, proponse ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes,  
**ACORDOS**

**PRIMEIRO.-** Instar o goberno municipal a que se tome esta medida que entendemos é xusta e beneficiosa para os veciños e veciñas .

De seguido sométese a votación ordinaria proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (P.S.O.E. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); resérvanse para o pleno os membros do P.P., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente."

Intervén o Sr. Vázquez López, para sinalar que a Foz é un nucleo próximo a Vila de Ribadavia e que é necesario substituir as luminarias polo estado no que se atope e polo feito que as reparacións son moi custosas; dí que hai brazos sobrantes nas dependencias municipais e agora que vamos a contar cun camión con cesta podense colocar cun custe moi pequeno.

Tando os voceiros dos grupos municipais da Agrupación de Electores Ribeiro en Común, B.N.G. e P.P., mostran a súa conformidade coa proposta, xa que consideran que será beneficioso para os veciños e por ende para o pobo de Ribadavia e neste tipo de iniciativas sempre van a estar a prol.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

O Sr. Iglesias Sendin, dí que lle parece unha boa iniciativa, que tratará de extendela a outros núcleos como San Paio e A Franqueirán e que o que se poña sexa LED, co obxecto de reducir o consumo.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita proposta, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

#### **4.-DECLARACION DE COMPATIBILIDADE DO TRABALLADOR MUNICIPAL DON MANUEL ARAUJO MONTERO.-**

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Servicios Municipais de data 21 de abril de 2016, co seguinte tenor literal:" Intervén o Sr. Presidente da Comisión para dar conta da proposta que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:" Vista a solicitude de recoñecemento de compatibilidade para o desempeño do posto de funcionario co exercicio de actividade privada presentada por D. Manuel Araujo Montero, e visto o informe de Secretaría do día 13.04.2016, propónselle ao Pleno a adopción do seguinte

#### **ACORDO**

**PRIMEIRO.** Que se lle recoñeza a D. Manuel Araujo Montero a compatibilidade co exercicio da actividade profesional como autónomo, cuxas características son a organización de eventos e espectáculos, por entender que non impide ou menoscaba o estrito cumprimento dos seus deberes enon se compromete a súa imparcialidade e independencia.

**SEGUNDO.** Que se inscriba o acordo do Pleno polo que se recoñece a dita compatibilidade para desempeñar actividades privadas no correspondente rexistro de persoal.

**TERCEIRO.** Que se lle notifique o acordo adoptado ao interesado.

De seguido o Sr. Presidente somete a votación a proposta presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, seis(P.S.O.E., P.P., B.N.G. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reservanse para o Pleno o membro da Agrupación de Electores Ribeiro en Común. Por conseguinte por maioría absoluta fica ditaminada favorablemente".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita proposta, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

#### **5.-PROPOSTA DE COMPROMISO POR GALICIA-CONCELLOS TRANSPARENTES SOBRE AS FACTURAS DE LUZ E GAS PARA AS FAMILIAS MAIS NECESITADAS.-**



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Benestar Social de data 21 de abril de 2016, co seguinte tenor literal:"De seguido a Sra. Presidenta da Comisión da conta dunha proposta do grupo municipal de Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes, que de seguido transcríbese:"**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Concello de Lalín gobernado por Compromiso por Galicia e a empresa Gas Natural Fenosa asinaron un convenio de colaboración para coordinar o pago das axudas ás débedas xeradas por subministracións de luz e gas. O acordo supón que a compañía non suspenderá o servizo ás familias sen recursos. A administración local será a que asuma o abono destas facturas, unha vez que o departamento municipal de Benestar Social avalíe cada caso en particular.

O principal obxectivo deste convenio é precisamente evitar que as familias en situación de vulnerabilidade non se vexan afectadas por cortes de subministración ou que se lles repoña naqueles casos nos que xa se interrompese por falta de pagamento.

O acordo especifica a eliminación da pobreza enerxética e a obrigatoriedade dun informe previo do concello naqueles casos nos que exista unha falta de pago. No convenio con Gas Natural Fenosa o departamento de Benestar Social avaliará as solicitudes dos clientes en situación vulnerable e o Concello farase cargo da débeda en canto esta situación constátase.

Durante o período de avaliación de cada caso a eléctrica paralizará ou corte de subministración durante tres meses, un tempo durante o que tampouco cobraranse intereses de demora ou comisións sobre a débeda

Se no concello de Lalín se foi quen de chegar a un acordo con Gas Natural Fenosa, grazas a vontade política e o talante negociador do goberno, no concello de Ribadavia tamén podemos negociar con GAS NATURAL para asinar un convenio nas mesmas condicións en beneficio dos veciños e veciñas máis necesitados do noso concello.

Por todo o exposto propomos ao pleno da Corporación de Ribadavia a adopción do seguinte **ACORDO**

1. Instar a concellería de Benestar Social e o Alcalde de Ribadavia a iniciar conversas coa empresa subministradora de electricidade e gas- GAS NATURAL FENOSA para asinar un convenio de colaboración para que no concello non se lle corte a luz nin o gas as familias máis necesitadas, sendo o concello quen se faga cargo desas facturas".

Intervén a Sra. Presidenta para dar conta de todas as liñas de subvencións e axudas que se tramitan dende o departamento de servizos sociais para o aboamento de facturas eléctricas a familias en situación de dificultades económicas.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres( P.S.O.E. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes) reserváanse para o Pleno os membros do P.P., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común.- Por conseguinte por maioría simple fica ditaminada favorablemente".



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Intervén o Sr. Vázquez López, para explicar a proposta sinalando que será bo facer un convenio para tratar de que ningún veciño se quede sen suministro.

O Sr. Fidalgo Martínez, para sinalar que aparte das axudas xa existentes da Administración e O,N,G., parecele unha boa iniciativa, polo que o seu grupo vaina apoiar.

O Sr. Garcia Soto, dí que estamos a falar de servicios básicos e de primeira necesidade e que nadie pode ser privado deles por unha cuestión económica polo que apoia a proposta.

O Sr. Fernández Gil, dí que o seu grupo apoia a proposta, se ben dí que debería extenderse a outras compañías xa que dito servicio non está en réxime de monopolio, así como tamén debería valorarse o tema da auga e facer algo similar.

O Sr. Iglesias Sendin, sinala que apoian a proposta e solicitalle o autor da moción a copia do Convenio asinado con outros Concellos para facer algo similar.

O Sr. Alcalde intervén para recoller a proposta do Sr. Fernández Gil e así tratar de ampliar o convenio a outras empresas que subministran en Ribadavia, en concreto fala da zona de Prexigueiro así como facer algo similar no tema da auga.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita proposta, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

**6.- PROPOSTA CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE RIBEIRO EN COMUN E B.N.G. PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA FAGA UNHA HOMENAXE AO DERRADEIRO ALCALDE REPUBLICANO DE RIBADAVIA E POLA DEFENSA DA MEMORIA HISTORICA E DIGNIFICACION DOS REPRESALIADOS.-**

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Cultura de data 21 de abril de 2016, co seguinte tenor literal:" Os grupos municipais de Ribeiro en Común e B.N.G., en relación con sendas mocións presentadas sobre a memoria histórica con data 14 e 15 de abril respectivamente acordan que ditas mocións sexan substituídas por unha moción conxunta presentada con data de hoxe no rexistro do Concello.

Intervén o Sr. Presidente da Comisión para dar conta da proposta que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:" EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O 18 de xullo de 1936 tivo lugar un golpe de Estado contra a constitución e o réxime republicano existente na altura. Este golpe converteuse despois dunha guerra civil nunha ditadura totalitaria que durou 40 anos e da cal xurdiu o actual réxime borbónico español, coa restauración da coroa a un Borbón e a posterior proclamación dunha Constitución, a de 1978.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

En Galicia non existiu guerra civil de dous bandos, só aniquilamento do bando nacional-católico aos líderes e figuras máis representativas da legalidade republicana, aos dirixentes políticos e sociais e representantes legais. Isto mesmo foi o que lle sucedeu ao noso derradeiro Alcalde.

O 20 de xullo de 1936 o Alcalde de Ribadavia foi detido en Ourense no Goberno civil, a onde se dirixira para defender a legalidade republicana, despois do golpe de Estado e da sublevación do 18 de xullo. Foi condenado a pena de morte e executado no chamado “Campo de Aragón” en Ourense, xunto a outros tres veciños de Ribadavia o 9 de febreiro de 1937.

Esta Moción toma como base legal a insuficiente lei chamada da “memoria histórica”, a LEI 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura. A pesar disto, os feitos descritos non precisan ningunha base legal, pois é de xustiza recoñecer a dor causada a moitas familias do noso concello como consecuencia do golpe do 18 de xullo de 1936.

Así, no pasado decembro reuníronse en Vilaboa as principais asociacións en defensa da memoria histórica para demandar un novo pulo no traballo pola dignificación das represaliadas no 36.

A historia dun país, unha democracia digna de tal nome, non se pode construír sobre o silencio, sobre o esquecemento das vítimas da represión, sobre a ocultación e a desmemoria que aínda perviven hoxe, 80 anos despois do golpe militar fascista, 40 anos após a morte do Ditador.

Entendemos que foron moitas as represaliadas no noso municipio no 36 e hoxe, cumpríndose 80 anos dos feitos, moitos seguen silenciados e os seus nomes baixo a lapida do esquecemento e do medo. Asemade, entendemos que é traballo das institucións públicas o recoñecemento a eses homes e mulleres que loitaron polo noso País e que foron inxustamente vexados e asasinados polo simple feito de defender as súas ideas.

A historia ensínanos que para non repetir os feitos é preciso dalos a coñecer.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Declarar o ano 2016 como Ano da Memoria no Concello de Ribadavia, e o Ano de homenaxe aos republicano e republicanas ribadavienses, para poñer en valor a figura destes republicanos, rematando o ano da homenaxe o propio día 9 de febreiro de 2017.
2. Facer Homenaxe ao derradeiro alcalde republicano de Ribadavia e a todos os republicanos e republicanas ribadavienses os días 20 de xullo 2016 e o 9 de febreiro de 2017.
3. A organización ao longo de 2016 dun programa de actividades de investigación, divulgación e homenaxe sobre as vítimas do franquismo. No que atinxe á divulgación, prestarase especial atención aos centros educativos. No que atinxe a investigación, colaborar co museo Etnolóxico e asociacións e persoas especialistas na materia.





*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

4. Para a homenaxe debese tomar os datos históricos xa estudados para poñerse en contacto coa familia aínda viva de todos os ribadavienses asasinados como consecuencia do golpe de estado de 1936, e que estea interesada en participar.

A lectura e publicación dos nomes das represaliadas, tendo en conta a conformidade das súas familias, respectando profundamente a aquelas que non queiran participar.

5. A homenaxe debera consistir cando menos no seguinte:
  - Instalación dunha placa en lembranza na entrada da casa consistorial de Ribadavia, a cal rece: “en homenaxe a todos os ribadavienses que deron a súa vida pola liberdade e a república, e ao derradeiro Alcalde republicano de Ribadavia Benito Gallego Montero”. E asinada polo Pobo de Ribadavia.
  - Instalación de placa conmemorativa no cemiterio municipal onde están soterrados os restos de Benito Gallego Montero.
6. Reclamamos ao goberno municipal que inclúa a política da memoria histórica nas súas prioridades políticas.
7. Eliminación da simboloxía fascista das rúas de Ribadavia.
8. A declaración da ponte vella que une os concellos de Ribadavia e de Castrelo de Miño como “A ponte da memoria”. Dar traslado deste punto do acordo ao Concello de Castrelo do Miño.
9. Posicionamento do Concello de Ribadavia a prol da derogación da Lei de Amnistía de 1977”.

De seguido sometese a votación ordinaria proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, dous (B.N.G. e Agrupación de Electores Ribero en Común); reservanse para o pleno os membros do P.S.O.E, P.P. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente”.

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para xustificar a proposta presentada, sinalando que ten por obxecto honrar os republicanos Ribadavienses e en particular o derradeiro Alcalde Republicano, que este ano cumprese 80 anos da súa detención e asasinato; dí que a base legal da proposta está na Lei da Memoria histórica, facendo de seguido referencia os acordos que se propoñen.

Intervén o Sr. Garcia Soto, para indicar que a proposta presentada ten a súa base na denominada declaración de Vilaboa feita pola Asociación da Memoria Histórica; dí que o ano 2016 e o ano da memoria, polo que aparte de facer os actos que se propoñen na proposta pide que se lle dé continuidade as xornadas da memoria iniciadas por este Concello no ano 2003; por último sinala que tamén piden na proposta a derogación da Lei de amnistia, cuestión esta solicitada a España pola Unesco.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

O Sr. Vázquez López, sinala que o seu grupo vaise a abster xa que se trata dun asunto delicado, sinalando que votaría a prol se se colocase unha placa coa lenda seguinte: " Polos Alcaldes e concelleiros que loitaron polos dereitos e libertades dos Ribadavienses".

Intervén o Sr. Fernández Gil, para sinalar unha frase da exposición de motivos da moción coa que está totalmente de acordo que é " A historia ensínanos que para non repetir os feitos é preciso dalos a coñecer", polo que non se debe ter medo a recordar o pasado; anuncia a abstención xa que entende que tamén se debería ter en conta a outra moita xente que faleceu no conflito, di que a memoria é ampla e houbo veciños que faleceron nos dous bandos.

O Sr. Iglesias Sendin, manifesta o apoio do seu grupo a proposta, sobre todo cando temos o precedente da aprobación da Lei da memoria histórica polo goberno socialista.

O Sr. Fidalgo Martínez intervén para puntualizar varias cuestións, a primeira que en Galicia non houbo guerra civil, o que houbo foi o levantamento de militares fascistas que xunto con veciños fascistas que detiveron a xente e incluso a asasinaron, dí que se tratou dun golpe militar; por outra banda dí que a Lei da memoria histórica é do ano 2007 se ben non se dotou de recursos polo que pouco se fixo. Finalmente agradece o posicionamento dos grupos sobre a proposta presentada.

O Sr. Garcia Soto, recorda que dende o Concello xa se comenzo a traballar no tema da recuperación da memoria histórica no ano 2003, moito antes da aprobación da referida Lei; dí que é necesario dignificar as persoas de Ribadavia que sufriron este problema.

O Sr. Vázquez López, intervén para sinalar que entende o espírito da proposta se ben vaise a abster para non ferir sensibilidades.

O Sr. Fernández Gil, dí que coincide con moitas das cuestións que se prantexan, se ben o seu grupo vaise abster.

Intervén o Sr. Alcalde, para dicir que se non se houbo aprobado a Lei de memoria histórica moitas dos actos que se celebran non se poderían facer; dí que non se pode falar de que os dous bandos eran iguais e en canto as propostas de acordo sinala que terán que poñerse de acordo todolos grupos, como no caso da lenda e a organización de diversos actos.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita proposta, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común); abstencións, seis (P.P. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada o devandita proposta.



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

## **7.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DE RIBEIRO EN COMUN SOBRE O CONSORCIO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DAS COMARCAS DO CARBALLIÑO E DO RIBEIRO.-**

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Servizos Municipais de data 21 de abril de 2016, co seguinte tenor literal:" De seguido o Sr. Presidente da Comisión da conta dunha proposta do grupo municipal de Ribeiro en Común relativa o Consorcio contra incendios e de salvamento das comarcas do Carballiño e do Ribeiro, que de seguido transcríbese:" **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:** A fórmula elixida no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para estender o Servizo Contra Incendios e de Salvamento a maioría do territorio e poboación galega, integrando a todas as diferentes administracións implicadas, foi a dos denominados "Consorcio Contra Incendios e de Salvamento" (fórmula prevista na Lei de Administración Local de Galicia), xurdindo así o Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, Lugo, Pontevedra e Ourense.

En decembro de 2014 a Deputación Provincial de Ourense aprobou provisionalmente os estatutos do consorcio provincial, e aprobados definitivamente o 30 de abril de 2015. Publicados no Diario Oficial de Galicia o 8 de maio de 2015.

O 31 de xullo de 2015 constituíuse o Consorcio Provincial de Ourense para o Servizo Contra Incendios e de Salvamento. Marcase como obxectivo a execución das competencias do servizo público de prevención, extinción de incendios e salvamento que se lles atribúen na lexislación vixente aos entes consorciados, mediante a xestión e coordinación, e no seu caso a creación, dunha rede de parques que garanta a prestación homoxénea do servizo.

O ámbito de actuación do consorcio é toda a provincia de Ourense, se ben o consorcio sinala que poderá establecer as áreas de actuación preferente de cada parque de bombeiros, atendendo basicamente aos tempos de resposta en funcións das comunicacións por estrada do parque.

### Algún dato económico

No Diario Oficial de Galicia (DOG) do 21 de outubro de 2015 anunciase a licitación, mediante procedemento aberto do suministro do equipamento para o parque de bombeiros do Consorcio contra incendios e salvamento das comarcas de O Carballiño e de O Ribeiro, cofinanciada nun 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional (Feder). O seu orzamento base de licitación é dun importe total de 195.000,00 euros.

No BOP do 3 de maio de 2013 publicase para o Consorcio contra Incendios e Salvamento das Comarcas do Carballiño e do Ribeiro as seguintes convocatorias: 1. Convocatoria da licitación para adquisición dun vehículo BNP (bomba nodriza pesada) por un importe total de 245.630,00 euros. 2. Convocatoria da licitación para adquisición dun vehículo autobomba urbano lixeiro de primeira intervención, por un importe total de 297.372,88 euros. 3. Convocatoria da licitación para adquisición dun vehículo de rescate en altura, por un importe total de 594.745,75 euros.

No BOE do 20 de abril de 2013 publicase a licitación pública para suministro dun vehículo autobomba urbano para o parque de bombeiros do Consorcio Carballiño-Ribeiro, por un importe de licitación total de 29.7372,88 euros.



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

Segundo os estatutos do Consorcio Carballiño –Ribeiro a relación de Concellos que integran o consorcio, e as ratios de participación, no 20 % dos gastos de construción e equipamento son as seguintes: Beariz: 2,13 % . Boborás: 4,85 % . O Carballiño: 50 % . O Irixo: 2,95 % . Maside: 5,00 % . Piñor: 2,26 % . Punxín: 1,39 % . San Amaro: 2,08 % e San Cristovo de Cea: 4,42 %.

Carballada de Avia: 2,50 % . Avión: 4,21 % . Melón: 2,42 % . Ribadavia: 8,91 %. E a “Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria de Concellos do Ribeiro”: 6,87 %.

O Orzamento xeral 2014 publicado do Consorcio contra Incendios e Salvamento das Comarcas do Carballiño e O Ribeiro é de 245.000 euros.

A todas estas cantidades, hai que engadirlle que a construción da edificación do propio parque estaba estimada en 666.666 euros, a cargo da Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia.

#### Situación Actual

A Xunta de Galicia e Deputación de Ourense deciden que a forma de xestión dos distintos parques comarcais sexa a través da súa unificación a través dun único consorcio, coa integración dos consorcios comarcais de Valdeorras, Verín, A Limia e O Carballiño- O Ribeiro xa existentes. O obxectivo marcado pola Xunta e Deputación foi que estes catro consorcios comarcais sexan disoltos para a súa integración no consorcio provincial, e cada un achegará os medios técnicos e os recursos con que conta.

Na sesión ordinaria do Pleno do Concello de Ribadavia do 28 de xaneiro de 2016 aprobouse a disolución do Consorcio contra incendios e de salvamento das comarcas no Carballiño e do Ribeiro.

Este acordo supuxo a ratificación do acordo de disolución adoptado previamente polo Pleno do Consorcio na súa sesión extraordinaria celebrada o 3 de decembro de 2015.

Todo parece indicar que o Consorcio Provincial de Extinción de Incendios e Salvamento de Ourense pretende sacar a concurso a xestión do parque de bombeiros/as do Carballiño-Ribeiro, da mesma maneira que se fixo co de Verín, Xinzo e Valdeorras.

O noso Grupo oponse a que unha empresa privada poña en funcionamento o parque de bombeiros/as Carballiño-Ribeiro baixo xestión privada despois de ser construído e dotado de vehículos e material con recursos públicos.

#### Un servizo público básico

A pesar da salientable inversión económica, o parque de Bombeiros do Consorcio Carballiño- Ribeiro permanece a día de hoxe pechado. A súa apertura depende da decisión da Deputación Provincial e da Xunta de Galicia.

Na actualidade estase a dar un debate en Galicia arredor da forma de xestión destes Consorcios provinciais, existindo unha reivindicación dos traballadores e traballadoras deste servizo público en favor da súa xestión directa por parte das Administracións públicas Xunta e Deputacións provinciais. Neste debate a única Administración que non se manifestou a favor da xestión pública directa foi a Deputación provincial de Ourense. As funcións do Consorcio establecidas son: labores de prevención, extinción de incendios e salvamento mediante a xestión e coordinación dos parques, para garantir a prestación homoxénea do servizo. Entre os fins do consorcio estará a colaboración cos servizos municipais de protección civil dos concellos para o salvamento de persoas e bens; a prevención e extinción de incendios; a prevención e actuación ante calquera tipo de sinistro ou situación de risco; e o asesoramento e asistencia, formación e información



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

en materia de seguridade, que afecten a persoas, edificacións e instalacións; así como o fomento da auto- protección.

Estas funcións de vital importancia para os nosos Concellos e a cidadanía, deben ser xestionadas de maneira pública e non por empresas privadas, cuxo principal obxectivo é a obtención de beneficios. Así, no sector do salvamento e a loita contra os incendios, os beneficios sempre son obtidos a conta de recortes en materiais, equipamento, formación e efectivos de traballadores e traballadoras en plantilla.

O noso Grupo asume as reivindicacións propias das plataformas e asociacións de defensa dos bombeiros para un servizo público e de calidade: Conformar un equipo de extinción e salvamento de intervención multidisciplinar. Requisito de acceso a través dos principios de igualdade, mérito e capacidade, establecendo requisitos de acceso no que se prime a formación e as aptitudes psicofísicas. Os e as traballadoras deben ser funcionarias e axentes de autoridade. Estabelecemento de normas que regulen as súas instalacións, vehículos, materiais e equipos, así como a súa reposición periódica e a calidade deste servizo público. Priorizar a formación regulada a través de cursos de formación e programa de manobras. Existencia de gardas presenciais as 24 horas e os 365 días do ano.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1.-Reclamar un modelo de Xestión directa no Consorcio Provincial de Ourense para que as Administracións Públicas Xunta e Deputación o asuman de forma pública, e rexeitar a súa privatización.

2.-Instar á Deputación provincial e á Xunta a que asuman a xestión directa e pública do Consorcio Contra incendios e de Salvamento das Comarcas do Carballiño-Ribeiro.

3.-Trasladar este acordo á área competente da Xunta de Galicia e da Deputación provincial de Ourense.

4.-Trasladar este acordo á totalidade de Concellos das Comarcas do Ribeiro e do Carballiño".

De seguido sométese a votación ordinaria a urxencia da proposta presentada obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, un (Agrupación de Electores Ribeiro en Común); reservanse para o pleno os membros do P.S.O.E., P.P., B.N.G. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente".

Intervén o Sr. Fidalgo Martinez, para explicar o contido da proposta, dí que é un tema de actualidade e de feito estanse a producir mobilizacións de bombeiros de toda Galicia; en concreto dende o ano 2013 o Consorcio de bombeiros do Concellos de Carballiño e o Ribeiro leva facendo inversións inxentes ante un parque que se atopa pechado, de seguido da conta das diversas licitacións que se levan facendo, polo que o



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

seu grupo pide que se abra este parque xa e cunha xestión pública e non privada como se pretende facer.

Intervén o Sr. Vázquez López, para anunciar o seu voto a prol, dí que entende para que haxa un bo funcionamento do servizo debe ser público.

Intervén o Sr. Garcia Soto, para sinalar que o seu grupo defende a xestión pública dos servizos, e neste caso concreto o que se pretende facer é invertir cartos públicos para despois darlle a xestión a empresa privada.

O Sr. Fernández Gil, manifesta o posicionamento en contra do seu grupo da proposta presentada; dí que este modelo leva funcionando dende hai 20 anos en varios parques con estándares de calidade axeitado, di que na xestión intervén a Deputación e Xunta e di que estase a falar de xestión pública se ben non se dá paso algún, polo que pensa que se trata dun posicionamento político; en canto o caso contrato estaríamos a falar dun contrato de catro anos, polo que se permitirá comprobar se o modelo de xestión é o axeitado e non se hipotecan futuras decisións políticas. Finaliza a súa intervención dicindo que en canto o tema dos salarios dos traballadores, equiparase o do parque de bombeiros de Verin.

Intervén o Sr. Iglesias Sendin, para manifestar o apoio a moción, dí que se trata dun servizo básico é debe ser público; dí que despois de escoitar o voceiro do P.P. máis claro o teñen; en canto a duración do contrato dí que se a empresa non ten retorno o servizo non vai a funcionar.

O Sr. Fidalgo Martínez, dí que é certo que dende as Deputacións non se dan verdadeiros pasos, sinala que os experimentos fanse con recurso propios e non con cartos públicos. Finaliza dicindo que as funcións deste servizo non poden quedar en mans privadas, xa que o seu único obxectivo é obter lucro.

O Sr. Vázquez López, para sinalar que con este tipo de servizos debese tratar de fortalecer as comarcas, cuestión que xa manifestou no derradeiro pleno cando se debatiu unha proposta de apioa as deputacións.

O Sr. Fernández Gil, sinala que non entende a defensa do público do grupo de goberno cando neste Concello hai moitos servizos externalizados; alerta de escritos presentados sobre a eliminación dos G.E.S.; di que para unha pronta apertura do parque está de acordo co sistema elexido, polo que van a votar en contra da proposta.

Intervén o Sr. Alcalde, para dicir que nunca demonizaron as privatizacións, de feito entende que determinados servizos se poden privatizar sempre que traigan retorno para o Concello, como por exemplo a traves de inversións; entende que o parque de bombeiros non é un servizo a privatizar; anuncia reunións cos Alcaldes os que lles vai a afectar o servizo, dí que se leva falando un subparque para a comarca do Ribeiro e se isto non se chega a materializar haberá que repensalo. Finaliza a súa intervención dicindo que dende as Deputacións estase a facer todo o que se pode de acordo coa lei e



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

recordalle o Sr. Fidalgo Martínez a xestión dos Concellos de Santiago, Ferrol e A Coruña.

O Sr. Fidalgo Martínez, dí que despois do dito polo Sr. Alcalde, intúe que Ribadavia non vai a entrar no Consorcio, sendo a súa opinión que si debería entrar, indicando que lle sorprende que o Sr. Alcalde utilice o argumentario do Sr. Caballero, Alcalde de Vigo.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita proposta, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E., B.N.G., Agrupación de Electores Ribeiro en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); votos en contra, cinco (P.P.).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada o devandita proposta.

## **8.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. SOBRE IMPLANTACION DO PAGO FRACCIONADO DO I.B.I., I.A.E., IVTM E TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO.-**

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda de data 21 de abril de 2016, co seguinte tenor literal:" De seguido o Sr. Presidente da Comisión da conta dunha proposta do grupo municipal do P.P., que de seguido transcríbese: "**Exposición de Motivos:**

Segundo sinala o artigo 106.3 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local, é competencia das entidades locais a xestión, recadación e inspección dos seus tributos propios. En desenrolo desta normativa, as administracións locais aproban ordenanzas fiscais para a xestión e recadación dos tributos e taxas que lle son propios.

Tendo presente esta competencia municipal, e coa intención de responder á demandas da veciñanza que nos fan saber que en determinados meses, dada a concentración do pago de tributos, viven situacións de apuro económico, parécenos axeitado revisar o sistema de recadación de tributos para artellar un procedemento de pago fraccionado que permita aliviar a presión tributaria sobre a veciñanza en determinados meses do ano.

A través dun procedemento de análise das ordenanzas e dun contacto directo coa veciñanza, puidemos comprobar que a principal problemática se atopa vinculada á recadación do IBI, o IAE, o IVTM e a taxa pola recollida de lixo dada a súa cuantía económica. A recadación destes tributos supón, en moitos casos, unha excesiva presión para o contribuínte xa que a concentración deses importes nun so pagamento resulta un lastre importante para as economías domésticas da xente do noso concello.

Tendo isto presente, hai que sinalar que polo ben da facenda local e a súa liquidez, e sempre positivo artellar métodos que afonden na recadación en período voluntario de tal xeito que, segundo o criterio do grupo popular, as modificacións nas ordenanzas fiscais deben combinar a liberación da presión tributaria que se concentra en determinadas épocas do ano con unha mellora das ratios de recadación de tributos en período voluntario.

Polo tanto, a nosa proposta consiste en artellar un sistema de fraccionamento de pago, previa solicitude dos contribuíntes, de tal xeito que para acollerse ao fraccionamento



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

sexa preceptiva a domiciliación do tributo, acadando deste xeito un dobre obxectivo, dunha banda aliviar a presión tributaria sobre o contribuínte e, doutra banda, mellorar as ratios de recadación en período voluntario. Sendo conscientes de que no exercizo en curso, co orzamento xa aprobado, pode resultar complexa a implementación dun sistema destas características, o obxectivo desta proposta é artellar un sistema que entre en funcionamento no exercizo orzamentario 2017.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

**Acordo:**

- a) Instar ao goberno municipal a iniciar, de xeito inmediato, unha revisión das ordenanzas fiscais do IBI, o IAE, o IVTM e a taxa de recollida de lixo, co gallo de aprobar unha modificación das mesmas para artellar un sistema de pago fraccionado destes tributos que entre en vigor no exercizo orzamentario 2017".

De seguido sométese a votación ordinaria a urxencia da proposta presentada obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para manifestar que está de acordo coa filosofía da proposta se ben ten dúbidas que deba incluírse o I.A.E., dado que solo tributan as persoas físicas ou xurídicas que teñan un volume de negocio superior a 1.000.000 de euros.

Na mesma liña que o Sr. Fidalgo Martínez pronunciase o Sr. Presidente da Comisión.

De seguido sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, dous (P.P.); reservanse para o pleno os membros do P.S.O.E., B.N.G., Agrupación de Electores Ribeiro en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente".

Intervén o Sr. Fernández Gil, para sinalar que proposta presentase por dous motivos, un para aliviar a presión fiscal sobre os veciños e otura para conquistar unha mellora na ratio da recadación voluntaria o esixir a domiciliación; dí que esto non estaba contemplado na ordenanza e con isto dase unha maior seguridade xurídica os veciños; en canto o I.A.E., sinala que non lle ve inconvincente xa que non se trata dunha rebaixa fiscal.

O Sr. Vázquez López, manifesta a abstención do seu grupo, indicando que é un tema a consensuar por todos os grupos e de acordo coa Lei Xeral Tributaria.

O Sr. Fidalgo Martínez, para manifestar que está de acordo co espírito da proposta, é o inicio dun proceso que deberá consensuarse na xunta de voceiros ou comisión informativa.

O Sr. Garcia Soto, intervén para dicir que co acordo abrese un debate para a modificación de diversas ordenanzas.





*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

O Sr. Iglesias Sendin, manifesta que a proposta é positiva para os veciños e a súa materialización deberá ser debatida e consensuada polos grupos.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita proposta, obténdose o seguinte resultado: votos a prol doce (P.S.O.E., P.P., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Comun); abstencións, unha (Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a referida proposta.

### **9.-MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non hai mocións de urxencia.-

#### **ROGOS E PREGUNTAS.-**

**Polo concelleiro de Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes, o Sr. Vázquez López fórmulanse os seguinte rogos:**

**1º ROGO.-** Rogaríalle o Sr. Alcalde a colocación dun espello nas confluencias das rúas Vicente Risco-Rosalía de Castro co obxecto de visualizar mellor o tráfico na zona.

**2º ROGO.-** Rogaríalle o Sr. Alcalde que se arranxen as fontes que están sen funcionar, que se retiren os paneis informativos deteriorados e reitera a limpeza na zona da estación de ferrocarril sobre todo agora que estamos en vésperas da Feira do Viño.

**3º ROGO.-** Rogaríalle o Sr. Alcalde que coloque un espello no denominado camiño subida o Castro en San Paio, co obxecto de mellorar a visibilidade dos condutores na zona.

**Polo concelleiro da Agrupación de Electores Ribeiro en Común, o Sr. Fidalgo Martínez fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:**

**1º ROGO.-** Solicitamos o informe técnico do servizo municipal de arquitectura así como informe da empresa concesionaria Aqualia, no cales se indique a orixe e causa desta nova intervención na rúa Álvaro Cunqueiro (baixada da Barca). Así, na última comisión informativa, do día 21 de abril, o noso grupo preguntou pola causa da avaría rexistrada na rúa Álvaro Cunqueiro, na cal se fixo un investimento importante de arranxo fai menos de un ano. Segundo recolle a acta de dita comisión, preguntamos ademais polo custe e a responsabilidade desta avaría e coñecer a orixe e a causa de que unha rúa recentemente arranxada teña que volver a ser aberta e cortada.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

**2º ROGO.-** O noso grupo propón que desde o Concello de Ribadavia, se solicite con urxencia unha reunión para expoñerlle un plan de arranxo do paseo e acceso ao río Avia, ás Administracións da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, á Deputación Provincial de Ourense (non de Pontevedra), e á Confederación Hidrográfica Miño- Sil. No caso de que estas solicitudes xa se fixeran, esiximos que se reiteren ditas solicitudes ata que sexan atendidas. Facemos esta proposta en relación coa sinatura publicada a semana pasada de convenio entre o Concello de Leiro e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, así como o investimento da Deputación Provincial de Ourense e á Confederación Hidrográfica Miño- Sil.

**3º ROGO.-** Solicitamos paso de Peóns entre a rúa Avenida de Redondela e rúa Eladio Rodríguez . Á altura da nova sala velorio, no edificio contiguo á Casa da Cultura. A súa necesidade xustifícase debido ao seu tránsito de escolares que usan o transporte escolar e cruzan por este tramo. A isto hai que engadirlle o tránsito das persoas asistentes aos velorios neste novo local. Agardamos a súa instalación se faga o antes posible de acordo coa normativa e o informe técnico pertinente.

**4º ROGO.-** Solicitamos un Plan de mellora turística de Ribadavia, en relación co Informe técnico da Oficina Municipal de Turismo de Ribadavia do mes de marzo de 2016. Así, propomos que se comece por implementar as recomendacións que neste informe se recollen, como son: Habilitar unha zona de aparcadoiro para buses de grupos de visitantes e turistas. Sinalización da oficina de turismo e de carteis na porta principal do castelo no que se indique a existencia de visita ao interior desde a oficina de turismo. Mellora e intervención no mal estado dos nosos roteiros e sendas para camiñar, así como o seu mantemento e sinalización.

**5º ROGO.-** Solicitamos que na intervención de arranxo dos camiños da Aldea, no entorno da capela de San Xés, esta se faga de maneira respectuosa coa capela prerrománica existente. Así, este grupo ten coñecemento de que se prevé intervir nesta zona segundo a información dada en Comisión informativa. Neste sentido, este grupo solicita o seguinte:

- Esta intervención se faga de acorde co valor patrimonial e de protección existente para este entorno, e coa autorización da Administración competente de Patrimonio.
- Esta intervención se faga de acordo con informe técnico do servizo municipal de arquitectura.
- O noso grupo propón que non se asfalte e se proceda a unha intervención de arranxo destas rúas respectuosa coa capela prerrománica de San Xes.

Así mesmo, solicitamos que se mellore a sinalización e panel informativo da capela de S.Xes, así como a colocación dunha papeleira no seu entorno, e a substitución da farola existente (inclinada e en mal estado) na parte de atrás por unha máis de acorde co entorno.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

**6º ROGO.-** Unha vez máis continuamos a solicitar que se Tomen medidas de protección do camiño do río Avia entre a Veronza e a desembocadura no río Miño, como en reiteradas ocasións o noso Grupo xa ten solicitado. O seu deterioro viuse aumentado polo tránsito excesivo de coches, pois en tramos onde non existiu desborde do río atopase igualmente danado, e continua a deteriorarse.

**7º ROGO.-** Solicitamos se proceda ao selado de seguridade na rede de tubaxe-pozo existente no socalco inferior do parque Robla á altura do camiño que vai á pasarela da Foz. Este pozo- tubaxe atopase tapado moi precariamente e sen medidas de seguridade, supoñendo un foco de perigo para nenos/as.

**8º ROGO.-** Solicitamos se leve a cabo unha intervención de arranxo, limpeza e axardinamento da mesma, arredor das estrutura de pedra da propia pasarela e as súas escaleiras, aproveitando as accións de desbroce efectuada nas inmediacións da pasarela da Foz.

**9º ROGO.-** Solicitamos a limpeza e o arranxo da fonte situada no Parque Robla, que continuamente permanece sucia e en mal estado, de non ser posible este arranxo propoñemos a súa retirada, pois é contraproducente que continúe na mala situación actual. Así mesmo, tamén solicitamos que se proceda a mellora deste parque, xa que é unha das principais vistas visitadas no noso casco histórico desde o mirador da praza Buxán.

**10º ROGO.-** Solicitamos limpeza da zona arredor do antigo matadoiro e a ponte de ferro do ferrocarril, por atoparse esta en mal estado e de suciedade. Solicitamos se proceda tamén a limpeza da sinal de entrada en Ribadavia.

**11º ROGO.-** Solicitamos a limpeza- substitución da sinalización de estrada do Concello de Ribadavia.

**12º ROGO.-** Solicitamos o asentamento correcto de varias pedras mal colocadas na casco histórico, que abanean, co conseguente ruído e molestia para a veciñanza, e co risco de que rematen por romper ao paso dun vehículo.

**13º ROGO.-** Solicitamos mellora do entorno da Porta nova, esta solicitude xa fora realizada meses atrás, mais entendemos que o seu estado non é o acaído como consecuencia da suciedade da zona onde se atopan os contenedores, así como a acumulación excesiva de coches nesta zona. Propomos a limpeza do solo e o arranxo do camiño que une a rúa extramuros co campo da feira. Así, como a substitución do contenedor de aceites usados. Tamén a instalación dun novo bolardo para evitar que se aparque encima da “beirarrúa”.

**14º ROGO.-** Solicitamos se inclúan no web do Concello un apartado visible cos enlaces da ruta do viño ribeiro e das rutas sefarad, das cales o noso Concello é socio



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

importante. Así mesmo, preguntamos a causa de que non apareza unha referencia máis xenérica no departamento de promoción económica e unha mención concreta ao de recursos europeos.

**15º ROGO.-** Solicitamos que se proporcione aos grupos municipais un espazo de traballo e medios para desenvolver o seu traballo na propia casa consistorial. Esta solicitude foi expresada reiteradas veces, e aínda non foi tida en conta polo goberno. Neste sentido queremos lembrar as funcións importantes e democráticas que teñen os concelleiros e concelleiras na oposición política, e recordar así mesmo que estes representan a maioría ampla da corporación municipal.

**16º ROGO.-** Respecto ás persoas “voluntarias” na Feira do Viño, este grupo solicita que esta figura desapareza para a vindeira edición, xa que a súa función é a de traballadores/as e non voluntarias, como así pode acontecer en outras actividades que se realizan no noso Concello. A este respecto, o noso grupo pregunta por cal foi o criterio de selección destas persoas voluntarias.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que pode estar de acordo co que manifesta se ben é o que se leva facendo dende fai moitos anos, podéndose estudar outra fórmula; en canto a selección dí que pode apuntarse quen queira se ben teñen prioridade os que colaboran como voluntarios noutras actividades.

**17º ROGO.-** Se proceda a colocación da sinal do paso de peóns existente no cruce da praza de abastos, xa que se atopa bastante inclinada e con perigo de caída.

**18º ROGO.-** Solicitamos a limpeza da fachada e parte superior da entrada ao cemiterio municipal, así como a recollida de “contenedores” e outros materiais acumulados na entrada. Solicitamos que se amplíe o horario de apertura no período de cambio do fuso horario, ou cando menos de maio a setembro incluídos, pasando das 19h actuais as 21h.

**1ª PREGUNTA.-** Pregunta sobre o contido da xuntanza do Consello escolar da escola infantil Galiña azul de Ribadavia. Solicitamos copia da acta de dito Consello celebrado o pasado 21 de abril.

Resposta o Sr. Alcalde: Daralle copia da acta.

**2ª PREGUNTA.-** Solicitamos información sobre o acordo marco aprobado pola Comisión Executiva da Federación Galega de Municipios e Provincias sobre os centros de día e as escolas infantís incluídas no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, e a súa repercusión no noso Concello.

Resposta o Sr. Alcalde: No Concello non consta o acordo, cando chegue daraselle copia.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

**3ª PREGUNTA.-** Pregunta sobre a situación do listado da Bolsa de emprego creada no mes de xullo, na categoría de Auxiliar Administrativo.

Resposta o Sr. Alcalde: Primeiro valoráronse as máis urxentes e nos vindeiros días comenزارase coas que faltan auxiliar administrativo, educador social e asistente social.

**4ª PREGUNTA.-** En relación a unha queixa manifestada neste Concello por parte dun grupo de veciños e veciñas da Franqueirán a causa dunha obra efectuada nesta parroquia, con licenzia municipal datada de 2013, despois de terse executado un derrubido o 3/3/2014, e despois de que por sentenza do contencioso se lle dera a razón ao titular de dita licenzia polo cal o Concello de Ribadavia lle tiña que outorgar licenzia.

Este grupo fai o seguinte rogo: 1º. Se proceda por parte de persoal municipal competente a recoller testimonio veciñal respecto a suposta invasión de vía pública por parte do cidadán titular da licenzia. Este traballo debe certificar que existe ou non proba testimonial de que dita propiedade é pública.

2º. Poñerse en contacto cos veciños e veciñas que efectuaron a queixa para que preguntarlles si existe interese en rexistrar por escrito e de maneira formal neste Concello dita queixa. Así mesmo que estes decidan libremente si solicitan ou non a revisión de dita licenzia.

3º. De darse o caso positivo, se estude a viabilidade e se proceda a revogabilidade de dita licenzia municipal, motivada por razóns de legalidade ou de oportunidade.

4º. Se proceda por parte deste Concello á elaboración dun inventario municipal de camiños, vías e prazas públicas, para que supostos como estes non poidan volver suceder.

Resposta o sr. Alcalde: Toma nota das cuestións prantexadas e sinala que con data de hoxe requeriuse a persoa que ten a licenzia para que acredite a propiedade dos terreos a pechar; sinala que se está revisando a licenzia indicando que se adoptaran as medidas legais oportunas, defendendo sempre dentro da lei os intereses dos veciños.

**Polo concelleiro do B.N.G., o Sr. Garcia Soto fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:**

**1º ROGO.-** Reitará un rogo feito por escrito relativo a limpeza do Castelo así como tamén solicita a colocación de papeleiras no mesmo.

**2º ROGO.-** Visto o informe do técnico de Turismo, solicita a elaboración dun plan de Turismo específico, xa que Ribadavia é a capital da comarca do Ribeiro; así mesmo solicita a limpeza e acondicionamento da ruta de senderismo sita en Santa Marta, así como que se repongan as sinais e paneis informativos que están en mal estado.

O Sr. Alcalde, manifesta que a semana que ven comenzan tres persoas contratadas pola Mancomunidade Turística e que se van a adicar a labores de desbroce e acondicionamento das rutas de senderismo e camiños.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

**3º ROGO.-** Solicita que se faga un plan de obras a tres anos, no que se establezan actuacións e prioridades.

**1ª PREGUNTA.-** En relación coa solicitude de subvención para normalización lingüística, interesalle saber en que consiste o proxecto.

Resposta o Sr. Alcalde: E similar o de anos anteriores e refírese a promoción da lingua galega en diversos ámbitos, orientada sobre todo a cartelería e programas de diversas actividades, non obstante indica que se ten algunha aportación que a faga que será tida en conta en vindeiras convocatorias.

**2º PREGUNTA.-** Solicita que se faga algún acto durante a celebración do día das Letras Galegas, xa que Manuel María, tivo moita vinculación con Ribadavia así como coa asociación Abrente.

Resposta o Sr. Alcalde: Nese tema está a traballar a Sra. Concelleira de Cultura.

**Polo concelleiro do P.P., o Sr. Fernández Gil fórmulanse as seguintes preguntas:**

**1º. ROGO.-** Solicita que se restableza a sinal de paso de peón existente en San Cristovo no cruce cara a subida a Veiga.

O Sr. Alcalde manifesta que ante a súa desaparición deuse conta a Consellería.

**2º ROGO.-** En Febreiro aprobouse unha moción para a colocación dun paso de peon nas confluencias das rúas Martínez Vázquez e Otero Pedrayo polo que solicita que se execute o acordo.

**3º ROGO.-** Rogaría que se coloque un espello na saída da Praza Maior co obxecto de mellorar a visibilidade dos condutores.

**4º ROGO.-** Solicita que se arranxe o socabon existente na rúa Vendaval e se averigüe a que se debe o mesmo.

**5º ROGO.-** En relación coa problemática que se está a suscitar na Franqueiran, solicita que se faga un proceso de revisión do outorgamento da licenza para comprobar se se adecúa a lexislación vixente.

**6º ROGO.-** Xa que non se retirou o control de acceso ao casco histórico, todo elo baseado nun informe da Policía Local, solicita que polo menos se adecente e reparen os bolardos e armarios xa que están non estado deplorable.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

**1ª PREGUNTA.-** Interesalle saber a que se refire o escrito da Subdelegación do Goberno que se deu conta na Xunta de Goberno Local de data 04.04.2016.

Resposta o Sr. Alcalde: Ante un requerimento de diversos contratos (profesores conservatorio e bolsas de traballo), respostan que ditas contratacións axustanse a lexislación vixente.

**2º PREGUNTA.-** En relación cun escrito de Aqualia, do cál tomouse coñecemento na Xunta de Goberno Local de data 25.04.2016, interesalle saber a que se refire.

Resposta o Sr. Alcalde: Refierese a limpeza das captacións de auga ante recomendacións da Consellería de Sanidade.

**3ª PREGUNTA.-** Interesalle saber se todos os vehículos municipais se atopan con toda a documentación en regra.

Resposta o Sr. Alcalde: Supón que sí, dita cuestión a levan os condutores dos vehículos que son os que se preocupan que todo este correcto.

**4ª PREGUNTA.-** Con data 21.10.2015 deuselle a Policía Local un novo vehículo, polo que lle interese o porque non está a prestar servizo.

Resposta o Sr. Alcalde: Cando se solicitou os dous vehículos existentes estaban estropeados, agora estan arranxados e funcionando polo que estase reservando o novo, non obstante tamén está a patrullar.

**Polo concelleiro do P.P., o Sr. Sotelo Barroso formúlanse os seguintes rogos:**

**1ª PREGUNTA.-** Interesalle saber como se atopa a construción de bungalows e hotel no balneario de Prexigueiro.

Resposta o Sr. Alcalde: A empresa deu conta da proposta de construcion dos bungalows dias pasados, sendo ela a principal interesada, no obstante haberá que esperar a que o Plano Xeral este definitivamente aprobado.

**2ª PREGUNTA.-** Interesalle saber como se atopa a ampliación do Asilo.

Resposta o Sr. Alcalde: E unha cuestión que se falou hoxe na reunión do Patroado e por prudencia non vai a dicir máis, indicando que hai negociacións para adquirir os terreos que faltan.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

**1º ROGO.-** En relación coa Oficina de Turismo, solicita que se dote de máis folletos e en particular se dé traslado a todos os hoteis e casas de turismo rural da comarca; así mesmo solicita que se de información os comerciantes, hostaleiros de Ribadavia para que poidan publicitar os seus negocios na oficina a través da súa tarxeta.

**2º ROGO.-** Reitera o rogo feito no derradeiro pleno respecto a un piñeiro seco na rúa Muñoz Calero e a caída dun terraplen, polo que pide adoptense medidas e se repoña a zona o seu estado orixinal.

**3º ROGO.-** Solicita que se coloque a clarabolla do edificio do balneario de Prexigueiro, xa que está chovendo dentro e se esta deteriorando a madeira, así mesmo solicita que haxa folletos turisticos de Ribadavia en dito balneario.

**4º ROGO.-** Rogaríalle que se coloque unha sinalización axeitada na curva de baixada cara Ribadavia na zona da Estación de Autobuses xa que hai vehículos que se equivocan por unha mala sinalización.

**5º ROGO.-** Solicita que se limpe na zona da estación de autobuses, así como tamén detrás da igrexa de Santiago.

**6º ROGO.-** Solicita que durante o horario de verán o cemiterio este aberto ata as 10 da noite.

**7º ROGO.-** Na rúa Ribeiro, o seu inicio hai edificio en mal estado, de feito estes días caeron cristais a rúa, polo que pide que requira o seu arranxo e adecuada sinalización.

**8º ROGO.-** Solicita que se limpe a zona da estación de autobuses, na baixada cara San Paio, o lado do peche metálico existente.

Concluído o anterior, ás once menos cuarto da noite, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio sinalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,